

CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRIPIAL / ANTIPNEUMOCÓCICA 2011

(Información facilitada pola Xunta de Galicia)

Comunicación para o persoal (PAS e PDI) da Universidade de Santiago de Compostela.

Comunicámoslle que se pertence vostede a algún dos grupos de risco que se mencionan ao final deste escrito, e quere poñer a vacina da gripe ou a antipneumocócica neste servizo, pode vostede acudir, sen previa cita e sen necesidade de vir sen almorzar, dende o 3 de outubro ata o 19 de novembro, nos enderezos e horarios seguintes:

Santiago de Compostela:

Servizo de Vixilancia da Saúde

Pavillón Estudiantil - Campus Vida

Horario: De 12:00h a 14:00h

Ext.14520

Lugo:

Servizo de Vixilancia da Saúde

Facultade de Veterinaria - Pavillón IV, 3º andar

Horario: De 12:00h a 14:00h

Ext. 22444

1. **VACINACIÓN ANTIGRIPIAL**

PERSOAS CON ALTO RISCO DE COMPLICACIÓNS:

- **Persoas de 60 ou máis anos.**
- **Persoas ingresadas en residencias e centros de atención a crónicos.**
- **Persoas menores de 60 anos e maiores de 6 meses con patoloxía crónica:**
 - o Enfermidades crónicas do sistema cardiovascular.

- Enfermidades respiratorias crónicas, incluíndo a asma.
 - Enfermidades neuromusculares ou outros trastornos que dificulten a mobilización de secrecións ou aumenten o risco de aspiración
 - Enfermidades metabólicas (incluíndo diabete mellitus).
 - Persoas con obesidade cun índice de masa corporal superior a 30, **especialmente** obesidade mórbida ($IMC \geq 40$).
 - Enfermidades renais crónicas.
 - Enfermidades hepáticas crónicas.
 - Asplénicos (anatómica ou funcional).
 - Hemoglobinopatías e anemias.
 - Pacientes portadores de implantes cocleares.
 - Pacientes con cancro e inmunosupresión (incluída a causada polo VIH ou por medicación).
 - Enfermidades que implican disfunción cognitiva (síndrome de Down, parálise cerebral, demencias...)
- **Nenos e adolescentes (de 6 meses a 18 anos) con tratamentos prolongados de aspirina.**
 - **Mulleres que se encontran embarazadas durante a temporada de gripe**

GRUPOS POTENCIALMENTE CAPACES DE LLES TRANSMITIREN A GRIPE A OUTRAS PERSOAS DE ALTO RISCO:

- Persoal médico e de enfermaría e calquera outro persoal hospitalario ou ambulatorio.
- Empregados de institucións pechadas e outras institucións para enfermos crónicos.
- Asistentes domiciliarios de persoas incluídas nos grupos de risco (enfermeiros/as, traballadores voluntarios, etc.).
- Membros da familia e conviventes de persoas incluídas nos grupos de risco.

OUTROS GRUPOS NOS CALES SE RECOMENDA A VACINACIÓN:

- Persoas que desenvolven traballos esenciais para a comunidade.
 - Policias, bombeiros, persoal de protección civil, etc
- Persoas que desenvolven a súa actividade en matadoiros, explotacións avícolas ou porcinas.
- Viaxeiros internacionais (maiores de 60 anos ou con trastornos crónicos) que se dirixan a zonas tropicais en calquera época do ano ou viaxen ao hemisferio sur entre os meses de abril e setembro que non recibisen a vacina durante a temporada 2011 – 2012.

2. **VACINACIÓN ANTIPNEUMOCÓCICA**

- **Persoas de 65 anos**

Estas persoas incorpóranse por primeira vez á campaña. No caso de estaren xa vacinadas fronte ao pneumococo, débese comprobar a necesidade ou non da súa revacunación.

As persoas de máis de 65 anos que non recibisen a vacina con anterioridade deberán recibir unha dose desta.

- **Persoas que teñen entre 2 e 64 anos: grupos de risco**

Ofertaráselles a vacinación ás persoas pertencentes aos seguintes grupos de risco:

PERSOAS INMUNOCOMPETENTES CON PATOLOXÍAS CRÓNICAS:

- Patoloxía cardiovascular crónica.
- Enfermidade respiratoria crónica, incluída asma e enfermidades neuromusculares ou outros trastornos que dificulten a mobilización das secrecións respiratorias ou aumenten o risco de aspiración.
- Diabete mellitus.
- Alcoholismo e enfermidades hepáticas crónicas.
- Enfermidades que levan consigo perda de líquido cefalorraquídeo.
- Persoas con asplenia anatómica ou funcional, e persoas con anemia de células falciformes.
- Implante coclear

PERSOAS INMUNOCOMPROMETIDAS:

- Persoas con inmunodeficiencias conxénitas ou adquiridas.
- Persoas VIH (+) asintomáticas ou sintomáticas, o antes posible tras o diagnóstico da infección.
- Persoas con leucemia, enfermidade de Hodgkin, linfoma, mieloma múltiple ou outras neoplasias generalizadas.
- Persoas con insuficiencia renal crónica ou síndrome nefrótica.
- Receptores de transplantes de órganos ou medula ósea.
- Persoas que están recibindo terapia inmunosupresora, incluindo os corticoesteroides sistémicos de longa duración e radioterapia.

OBSERVACIÓNS

A vacinación debe pospoñerse cando exista unha enfermidade respiratoria aguda e/ou unha manifestación febril.